

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 29 DE DECEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 do día 29 de decembro de dous mil once, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións; ordinaria de data 27/10/2011 e extraordinaria de data 15/11/2011 do Pleno municipal; de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Di o voceiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luis Rivas que na acta de 27/10/2011 en rogos e preguntas sobre o contenedor de Xoán pon “que non se foi” e debería poñer “levou ou puxo” aprobase, por unanimidade, con 11 votos a favor esta rectificación polo Pleno municipal, sendo 5 votos dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos membros do grupo municipal do PP e un do membro do grupo mixto.

O concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Costoya Duro, solicita a rectificación da acta de 15/11/2011 onde pon a hora as 21:00 e debe poñer 9:00. Apróbase, por unanimidade, con 11 votos a favor esta rectificación polo Pleno municipal, sendo 5 votos dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos membros do grupo municipal do PP e un do membro do grupo mixto.

Sen máis intervencións, o Pleno municipal por unanimidade, con once votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións; ordinaria de data 27/10/2011 e extraordinaria de data 15/11/2011, coas rectificacións xa votadas e aprobadas indicadas nos considerandos deste acordo.

2.- PROPOSTA ELECCIÓN DO TITULAR DO XUÍZ DE PAZ DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 29/12/2011

Visto o expediente tramitado, para a elección do titular do xuíz de paz do Concello de Boimorto, ante o escrito do Tribunal superior de Xustiza de Galicia, A Coruña Secretaría de goberno, con entrada neste Concello nº 1450 en data 19/10/2011, no que se comunica que a Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa reunión de data 14/10/2011, estando a vencer o período de catro anos polo que se nomeou xuíz de paz titular deste concello, acordou oficiar a este Concello para que inicie novo expediente de elección de xuíz de paz titular no prazo de tres meses, en cumprimento do establecido no artigo 101.4 da LO 6/1985 do poder xudicial, xa que, de non facelo, será nomeado directamente por esa sala de goberno, e terá que comunicarse esta decisión de non nomeamento.

Visto o informe de secretaría intervención de data 20/10/2011.

Vista certificación da Secretaría da non presentación de candidatos no expediente.

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Comunicar á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a solicitude de nomeamento de titular de xuíz de paz do Concello de Boimorto por dita sala, ó non terse presentado candidatos no Concello interesados.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Boimorto, vinte e seis de decembro de 2011.
O Alcalde:

Asdo.-José Ignacio Portos Vázquez “

Di o Alcalde que non se presentou ninguén, entón o nomeamento pasa a realizarse polo Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Comunicar á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a solicitude de nomeamento de titular de xuíz de paz do Concello de Boimorto por dita sala, o non terse presentado candidatos no Concello interesados.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da alcaldía-presidencia dictadas entre os días; 26/10/2011 a 22/12/2011, números 357 a 434.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocións que presentar, non se propón nin unha e pásase o seguinte punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Apertúrase pola Alcaldía este punto da orde do día. Solicitada a palabra para a realización de rogos e preguntas por D. Xosé Luis Rivas, concelleiro do grupo mixto, outórgase polo Alcalde e o concelleiro pasa a realizar as seguintes intervencións:

Di que se está cortando moita madeira e isto da moitos problemas nos camiños de acceso ás fincas, coma no de Brates, por debaixo da parcela municipal, onde se plantaron os castiñeiros. Que lle parece ben a actividade económica de tala, venda e transporte de madeira pero que teñen que deixar as pistas en condicións.

Continúa o mesmo concelleiro sinalando que hai bastante malestar en relación coa interpretación e aplicación do PXOM, o que leva a solicitar, de ser necesarios, cambios no PXOM, di que se un agricultor pide un aumento de explotación non temos que facerlle gastar demais e facerlle pintar o resto da explotación xa existente, existindo quen ten enchufe na Xunta e non cumpre con nada, xa que se salta os trámites ante o Concello. Outro detalle serían as licenzas de obra para cerramento, esixindo distanciamento de 5 metros dende o medio da pista e ademais o retranqueo do portal, o que ten sentido en solo urbano e non no resto; propón o estudo destas normas e facelas lóxicas, así como, que se aplique igual a lei para todos e se eviten mil pillerías.

Roga que se fale cos Servizos Sociais para planificar actuacións en casos de almacenaxe nos domicilios de lixo co conseguinte perigo de incendios.

O Alcalde dálle a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP, D. Gonzalo Concheiro, que pregunta que é o programa formativo Aurora cunha aportación de 3.600 €. Tamén se queixa e roga que se teña en conta o seu grupo municipal para acordar o temario e composición dos Tribunais de selección do persoal para a Miniresidencia e Centro de día.

O Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PP, D^a M^a Jesús Novo Gómez, que pide explicacións ante a falta de resposta municipal á solicitude presentada en data 9/12/2011 con rexistro de entrada nº 1805. En relación a este tema o Alcalde permite á intervención desta Secretaria, que informa á concelleira que se deu silencio administrativo, segundo o ROF, en relación con esa solicitude e pode acceder á información solicitada nas oficinas xerais do Concello, entregándoselle copia da factura e permitindo ver o contrato do condutor do autobús.

Continúa esta concelleira preguntando se o Concello ten pensado facer algo en relación coa parcela afectada polo PXOM de Boimorto do polígono 501 parcela 69, e preguntando porque o Concello non subvenciona as licenzas de obras para agricultores igual que no Concello de Arzúa.

A continuación o Alcalde dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do PP, D. Antonio Costoya Duro, que roga a limpeza da senda peatonal de Arceo e a mellora no alumeadado público.

Procede o Alcalde a respostar a tódolos rogos e preguntas tal como segue; sobre os problemas causados nas pistas municipais pola tala e transporte de madeira di que se fai todo o posible para remedialo, tendo xa unha ordenanza en vigor para que pidan permisos e exista un control, mais xa non piden permisos e considera que será necesario agravar e poñer sancións para garantir o mantemento das pistas.

En relación coa modificación e aplicación do PXOM, sinala que os defectos vanse vendo coa súa aplicación e sen prexuízo das posibles modificacións e consultas realizadas á Xunta de Galicia, cabe sinalar que moitos requisitos que se esixen, ós que queren ampliar explotación, veñen dos incumprimentos do sinalado na licenza da explotación orixinaria e xa impostos por Medio Ambiente ou, na propia licenza, di que logo non piden a licenza definitiva de actividade e, cando queren ampliar, os técnicos esixen o cumprimento de ditos condicionantes da licenza orixinaria. Sobre a cualificación de equipamento da parcela xunto o campo de fútbol, sinala que se elevará consulta á urbanismo da Xunta para ver como facer, xa que se se saca de aí terá que se poñer noutro lado o equipamento, e recorda que no seu momento, os propietarios, estando exposto o Plan, non se opuxeron pero agora queren segregas e véñse afectados, recorda de todos modos que se lles deu toda a información no Concello sobre os efectos de estar afectada a parcela como equipamento deportivo. Di o Alcalde, tamén, que a normativa urbanística galega actual premia os Concellos sen PXOM e en Boimorto con normativa adaptada en rústico, hai que esixir parcela de 5.000 m², cando noutros sen Plan pode esixirse só 3.000 m², aspecto a modificar tamén no Plan, igual que os retranqueos e aperturas dos portais en rústico. Sobre agravios na aplicación da normativa urbanística, sinala o Alcalde, que parten da Xunta; que xa houbo un caso no que chegou ó Concello informe de Medio Ambiente de que non era necesario o ditame ambiental que os técnicos municipais se consideraban necesario, antes de que a documentación chegase a Medio Ambiente.

En relación co almacenamento de lixo en casas particulares, así como, o perigo de incendio, sinala o Alcalde, que non se pode facer moito máis que é conflictivo mandar as traballadoras do servizo de axuda no fogar a atender a ditos usuarios, inténtase a reinserción, a participación no centro de maiores pero non se pode mandar persoal municipal a ditas casas xa que é perigoso.

En relación á pregunta do concelleiro do grupo municipal do PP, D. Gonzalo Concheiro, sobre o Programa Aurora, di o Alcalde que se trata dunha subvención do organismo estatal Instituto da Muller por convenio para dúas anualidades, por importe de 25.000 € cada unha delas, reducidos no 2011 polo momento de posta en marcha do programa en setembro, indica os ingresos e a aportación municipal neste ano de 1.800 € en gasto corrente, sinalando que co diñeiro subvencionado contratouse a Fademur, baixo o criterio de dito Instituto, por contrato menor na anualidade 2011 para execución do programa; empresa que contratou os servizos dunha persoa para formación de 25 mulleres do rural, di que non se sabe ante a situación autonómica actual que vai pasar no 2012.

Sobre o rogo do concelleiro, D. Gonzalo Concheiro, da participación do seu grupo municipal na determinación das persoas membros dos Tribunais da Miniresidencia e participación da determinación do temario a esixir, recórdalle o Alcalde que a competencia é da Alcaldía e do equipo de goberno, e que tanto as bases como o Tribunal están aí para impugnar.

En relación coa posible subvención municipal, no imposto de construcións instalación e obras, para aquelas obras de ampliación das explotacións agrarias e gandeiras que entran dentro dos Plans de mellora da Xunta de Galicia, di que Arzúa subvenciona este imposto contemplándose así na súa ordenanza, pero que ten claro que nin facenda da Xunta, nin normativa algunha, esixe isto para tódolos Concellos; a pesar do que se dixo nun primeiro momento e foi comprobado

polos servizos municipais, di que para bonificar o ICIO nese tipo de construcións sería necesaria a modificación da ordenanza fiscal actual.

Resposta o Alcalde, ó rogo de limpeza da senda peatonal e mellora da alumeado en Arceo, que o terá en conta pero non pode ter persoal tódalas semanas limpando alí, que os veciños de Arceo tamén presentaron un escrito sobre defectos nunha arqueta dunha obra executada pola Deputación Provincial que mete auga, e o Concello non executou esa obra, di que o Concello ten ansia polas melloras reclamadas polos veciños pero hai que atender todo. Respecto das farolas necesarias pide a colaboración da xente para que avise cando están mal, xa que, normalmente nun máximo de 48 horas están amañadas.

Remata o Alcalde repartindo o informe do Ministerio de Fomento remitido a este Concello, en relación coa legalidade do servizo de autobús prestado para Miniresidencia Centro de día e Centro de maiores, a posibilidade de saída do termo municipal e exención de autorización, sinalando que o Alcalde non minte.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 20:46 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez